

Ola nenas/os:

Dende a aula de música tamén imos a realizar actividades durante este tempo de confinamento que ogallá non dure demasiado.

A miña idea é a seguinte: Cada semana proporei un reto relacionado coa educación musical. Esta actividade vai dirixida tanto ao alumnado de **Educación Infantil** como ao de **Educación Primaria**. Este reto teredes para realizalo unha semana exacta.

TERCEIRO RETO (DO 01/05 AO 08/05 DO 2020):

CANCIÓN: Esta actividade consistirá en escoller unha canción e adicarlla a unha persoa (pode ser un familiar, unha compañeira ou un compañeiro, un membro da Comunidade Educativa... en definitiva a quen queirades).

Para realizar este reto podedes enviálo a través dun **vídeo curtiño** ou dunha **foto cun cartel ou cartolina** onde se vexa a dedicatoria. No caso de que non sexades capaces de enviarmo así poñédesvos en contacto conmigo a través do enderezo electrónico.

Unha vez que teñades feita a actividade enviádela a: **musicacospeito@gmail.com**

Sen máis e esperando que todas/os esteñades ben agardo polas vosas creacións.

Un saúdo. Miguel Ogaza Rodríguez.

